# EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DE APOIO

## 1.- Completa, despois de ler os textos entregados o seguinte cadro:

| ORIXE | CONTAMINACIÓN | CONSECUENCIAS |
|---|---|---|
| | CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA | |
| | CONTAMINACIÓN HÍDRICA | |
| | CONTAMINACIÓN DOS SOLOS | |
| | CONTAMINACIÓN ACÚSTICA | |
| | R.S.U. | |

**2.- Observa a seguinte táboa referida a espacios protexidos. Trata de xuntar, correctamente, os elementos da dereita e da esquerda. Emprega para tal fin a táboa inferior poñendo os números ao lado das letras correspondentes.**

| | | | |
|---|---|---|---|
| A | Parques Nacionais | 1 | Parques Naturais |
| B | Reservas Naturais | 2 | Lugares que por valores estéticos e/ou culturais son merecedores de especial protección. |
| C | Territorios nos que se procura combinar os aproveitamentos tradicionais coa conservación dos recursos naturais. | 3 | Rede Natura 2000 |
| D | Espacios singulares pola súa rareza ou beleza que merecen protección especial | 4 | Monumentos Naturais: |
| E | Reserva da biosfera | 5 | Espacios naturais de alto valor ecolóxico e cultural e de interese xeral para a nación. Son espacios moi pouco transformados pola man do home e neles prima a conservación sobre a explotación económica. |
| F | Ten como finalidade a protección da biodiversidade en Europa e para esto tense en conta tanto paisaxes naturais como seminaturais (devesas, espacios cerealísticos…) O marco regumentario desta Rede Natura 2000 parte das Directivas de Hábitats e a de Aves. | 6 | Territorios seleccionados pola UNESCO a proposta dos distintos gobernos. En España están xestionados polas CC.AA. Esta figura de conservación non só inclúe a protección de elementos naturais, senón tamén as formas tradicionais, e sostibles, de explotación de recursos. |
| G | Paisaxes Protexidas | 7 | Créanse para protexer ecosistemas que pola súa rareza ou importancia merecen unha protección especial. |

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **A** | | **B** | | **C** | | **D** | | **E** | | **F** | | **G** | |

**3.-Resposta brevemente as seguintes cuestións**

1. Quen controla os temas do medio en Galicia?
2. A que se chama desenvolvemento sostible?
3. Que significa os siglas I+D+i? I
4. Que significa RRR?
5. A que aludimos se falamos dos GEI?

6. Que é o mix enerxético?
7. Que é un sumidoiro natural?
8. Que se pretende lograr co Plan Nacional de Calidade das Augas (2007 -15)?
9. A que nos referimos cando falamos de caudais ecolóxicos?
10. Se as enerxías tradicionais son as que se empregan dende hai moito tempo, aquelas que teñen un uso escaso e están en pleno proceso de investigación son...

## 4.- Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras "V" ou falsas "F"

O clima inflúe sobre a agricultura e silvicultura pero non sobre os transportes.

As presas adicadas á produción hidroeléctrica soen ser públicas e as adicadas ao abastecemento das cidades privadas.

O principal transvase existente en España é o do Ebro.

O plan de Regadíos prevé aumentar a superficie regada e tamén optimizar as técnicas de regadío para aforrar en auga.

En España a auga é moi barata xa que é un produto moi subvencionado polo Estado.

Ademais do esgotamento un grave problema da sobreexplotación das augas e a salinización das mesmas.

Na Península non existe áreas volcánicas, só nas Illas Canarias.

Unha persoa sometida a ruídos de 80 dB, pode chegar a quedar xorda.

O organismo encargado de coordina as emerxencias é Protección Civil.

O esvaramento e os desprendemento son dúas denominacións distintas para o mesmo risco natural.

# RESPOSTAS

## Exercicio 1

| ORIXE | CONTAMINACIÓN | CONSECUENCIAS |
|---|---|---|
| ✓ Incendios.<br>✓ Refrixerantes.<br>✓ Propelentes. | **CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA** | ✓ Efecto invernadoiro.<br>✓ Chuvia aceda.<br>✓ Destrución da capa de ozono.<br>✓ Campá de po. |
| ✓ Actividade rural.<br>✓ Actividade industrial.<br>✓ Actividade urbana. | **CONTAMINACIÓN HÍDRICA** | ✓ Perda das características químicas das augas.<br>✓ Eutrofización.<br>✓ Acumulación de metais pesados. |
| ✓ Vertidos urbanos.<br>✓ Vertidos industriais.<br>✓ Acumulación de produtos químicos da agricultura. | **CONTAMINACIÓN DOS SOLOS** | ✓ Directamente: solos improdutivos.<br>✓ Indirectamente: Contaminación das augas. |
| ✓ Ruídos producidos polas diferentes actividades humanas. | **CONTAMINACIÓN ACÚSTICA** | ✓ Estado de nervios.<br>✓ Insomnio.<br>✓ Alteracións cardíacas. Danos auditivos.<br>✓ Xordeira. |
| ✓ Refugallos xerados nas actividades domésticas e comerciais de cidades e pobos. | **R.S.U.** | ✓ Directamente contamina solos e paisaxe.<br>✓ Indirectamente danan as augas e a atmosfera. |

## Exercicio 2

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A | 5 | B | 7 | C | 1 | D | 4 | E | 6 | F | 3 | G | 2 |

## Exercicio 3

Respostas as cuestións curtas:

1. Quen controla os temas do medio en Galicia? **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE.**

2. A que se chama desenvolvemento sostible? **AO MANTEMENTO DO DESENVOLVEMENTO E DO CRECEMENTO ECONÓMICO PERO DENTRO DA PROTECCIÓN E DO COIDADO AO MEDIO.**

3. Que significa os siglas I+D+i? **INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN?**

4. Que significa RRR? **REDUCIÓN, REUTILIZACIÓN E RECICLAXE.**

5. A que aludimos se falamos dos GEI? **AOS GASES DE EFECTO INVERNADOIRO.**

6. Que é o mix enerxético? **AO CONXUNTO DE FONTES ENERXÉTICAS EMPREGADAS NO PAÍS.**

7. Que é un sumidoiro natural? **AOS ELEMENTOS DA NATUREZA CAPACES DE ABSORBER PRODUTOS CONTAMINANTES. POR EXEMPLO, OS BOSQUES PODEN ABSORBER O $CO_2$.**

8. Que se pretende lograr co Plan Nacional de Calidade das Augas (2007 – 2015)? **MELLORAR A CALIDADE DAS AUGAS DOS RÍOS E DAS COSTAS.**

9. A que nos referimos cando falamos de caudais ecolóxicos? **AOS MÍNIMOS NECESARIOS PARA GARANTIR A VIDA NAS AUGAS.**

10. Se as ENERXÍAS TRADICIONAIS son as que se empregan dende hai moito tempo, aquelas que teñen un uso escaso e están en pleno proceso de investigación son... **AS ENERXÍAS ALTERNATIVAS.**

## Exercicio 4.

1. O clima inflúe sobre a agricultura e silvicultura pero non sobre os transportes F (Tamén sobre os transportes, por exemplo as néboas ou a neve ás estradas)

2. As presas adicadas á produción hidroeléctrica soen ser públicas e as adicadas ao abastecemento das cidades privadas F (é xusto ao contrario).

3. principal transvase existente en España é o do Ebro **F** (o transvase do Ebro só foi un proxecto, o máis importante de España é o Texo ao Segura).

4. O plan de Regadíos prevé aumentar a superficie regada e tamén optimizar as técnicas de regadío para aforrar en auga **V.**

5. En España a auga é moi barata xa que é un produto moi subvencionado polo Estado **V.**

6. Ademais do esgotamento un grave problema da sobreexplotación das augas e a salinización das mesmas **V**.

7. Na Península non existe áreas volcánicas, só nas Illas Canarias **F** (Campo de Calatrava, Olot..., son áreas volcánicas peninsulares).

8. Unha persoa sometida a ruídos de 80 dB, pode chegar a quedar xorda **V**.

9. O organismo encargado de coordina as emerxencias é Protección Civil **V**.

10. O esvaramento e os desprendementos son dúas denominacións distintas para o mesmo risco natural **F** (esvaramento: desprazamento de rochas por unha aba; desprendemento:caída por efecto da gravidade de materiais rotos)